

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 6473** *Real decreto 552/2020, do 2 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias.*

I

En aplicación do mandato contido no artigo 138.1 da Constitución española, relativo á necesidade de atender o feito insular, véñse regulando desde o ano 1982, a través dun conxunto de reais decretos, un réxime de compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas illas Canarias, cuxa finalidade é compensar os sobrecostos que experimenta o tráfico de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (substituído polo anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea), como consecuencia do afastamento do arquipélago canario do territorio peninsular e da Unión Europea.

O artigo 7 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que dispón o establecemento dunha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado coa finalidade de abaratar o custo efectivo do transporte marítimo e aéreo de mercadorías interinsular e entre as illas Canarias e o resto de España, así como do transporte das exportacións dirixidas á Unión Europea, establece que o sistema de concesión das ditas compensacións se determine regulamentariamente.

A compensación ao transporte de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea é unha «axuda de Estado» que, con ocasión do «Marco financeiro plurianual da Unión Europea 2007-2013», o Goberno español notificou á Comisión Europea, que a autorizou mediante a Decisión C (2009) 651 «axuda de Estado (Asunto N 391/2008)». Posteriormente, dentro do «Marco financeiro plurianual da Unión Europea 2014-2020», notificouse, unha vez máis, á Comisión Europea, que autorizou a prórroga do réxime mediante a Decisión C (2014) 3719 final. Todo isto, en virtude do artigo 107.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, que establece que poderán considerarse compatibles co mercado interior as axudas destinadas ás rexións ultraperiféricas (RUP) recollidas no seu artigo 349.

O presente real decreto substitúe o Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias, para o que o Goberno español solicitou a pertinente autorización dunha nova «axuda de Estado» á Comisión Europea, que a autorizou mediante a Decisión C (2018) 6554 final.

II

A finalidade da nova norma non é só actualizar os preceptos do Real decreto 170/2009, senón tamén aclarar conceptos e o contido dalgúns dos seus artigos, mellorar os trámites administrativos e reducir as cargas administrativas, sen que isto supoña unha menor seguridade de cara á acreditación fidedigna da compensación, en prol dunha Administración pública máis eficaz e eficiente.

En relación coa adecuación do presente real decreto aos cambios normativos, é unha necesidade introducir as novidades da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

As novidades da nova Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son, entre outras, a aplicación do artigo 14.3 da mencionada lei, relativo á obrigaición de determinadas persoas físicas da presentación telemática das solicitudes, así como as novidades relativas ao dereito e obrigaición de relacionarse electronicamente coas administracións públicas, e as relativas á identificación e sinatura electrónica, representación, documentación electrónica, entre outras. Esta opción responde á comprobación de que as persoas físicas de que se trata neste real decreto veñen xa demostrando na práctica a súa capacidade para utilizar os medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas. Ademais, explícase a presentación, por medios electrónicos, da documentación, cunha especial referencia a que a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo da documentación achegada electronicamente e que a sinatura das solicitudes comporta a declaración de seren certos os datos consignados e a documentación que se achega.

Ademais, a disposición adicional centésimo vixésimo novena da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, aumenta a porcentaxe de compensación do 70 por 100 ao 100 por 100, sempre que as consignacións orzamentarias asignadas ás compensacións fosen suficientes. Esta limitación entenderase sen efecto, sempre que os créditos orzamentarios afectados sexan declarados ampliables nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

O presente real decreto tamén recolle as novidades que xa introduciu a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. A disposición adicional centésimo cuadraxésimo sexta desta lei xa previu a incorporación, con carácter indefinido, do plátano ao réxime de compensacións ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

III

Outro dos obxectivos é a aclaración de conceptos e o contido dalgúns artigos. Unha das novidades é a ampliación da compensación do transporte aéreo a todos os produtos agrícolas canarios, a semellanza do previsto no real decreto que regula a compensación ao transporte de mercadorías industriais. En canto aos produtos de alimentación para o gando, actualízanse e exíxese unha declaración responsable relativa á súa finalidade. Por outro lado, as operacións que non se consideran transformación actualízanse e establécese que se interpretarán de conformidade co novo Código alfandegueiro da Unión.

En canto aos custos compensables ou subvencionables, clarifícanse e inclúense custos que realmente xa se consideran na «axuda de Estado (Asunto N 389/2008)». Ademais, a intención tamén é recoller unha regulación próxima ao real decreto polo que se regula a compensación ao transporte de mercadorías non incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, que está fundamentado no Regulamento UE n.º 651/2014 da Comisión, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, chamado Regulamento xeral de exención por categorías (RXC). O presente real decreto, respectando a normativa da Unión Europea, concreta os novos gastos conexos ao frete (xestión administrativa ou emisión de billetes, recargas por fretes especiais, alugamento das unidades de transporte frigorífico e, segundo os casos, dos retornos en baleiro) e inclúe, como compensables, as taxas do peso morto ou tara dos elementos do transporte.

Ademais, tamén se introduce unha explicación máis clara dos custos tipo, do cálculo e da regra da prohibición de acumulación con outras axudas ou subvencións ao transporte, que ten unha dobre vertente. A primeira, que está recollida no artigo 6.5, é unha regra de prohibición de acumulación en sentido estrito con outras axudas ao transporte, en particular, coas axudas do réxime específico de abastecemento, o que implica que non poden concorrer ou sumarse as axudas, independentemente dos montantes de cada unha. A segunda vertente, que está recollida no artigo 6.6, é unha regra de prohibición de sobrecompensación con outras axudas relativas aos mesmos custos subvencionables identificables de transporte, que implica que as axudas si poden acumularse ou sumarse dentro duns «límites máximos de acumulación» establecidos na «axuda de Estado»

vixente: entre ambas as axudas non se pode superar a intensidade máxima admisible, é dicir, o 100% dos custos do transporte, limitados polo custo tipo.

Por outro lado, incorpóranse condicións para ser beneficiario da compensación (desenvolver a actividade económica nas illas Canarias, pagar o transporte e non repercutir os custos do transporte a terceiros), e faise mención non só aos casos FOB senón tamén aos casos CIF. Finalmente, as obrigacións dos beneficiarios unificanse e explícanse mellor.

Como se apuntou, outro obxectivo importante é mellorar os trámites administrativos e reducir as cargas administrativas coas mesmas garantías xurídicas, en prol dunha Administración pública máis eficaz e eficiente. En concreto, afóndase na regulación dos transportes en que participa un transportista intermediario e nos transportes en réxime FOB e CIF. Ademais, admítense as certificacións bancarias como xustificantes de pagamento. Por último, incorpóranse instrucións para presentar as solicitudes.

IV

En coherencia coas novas leis de 2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e de réxime xurídico do sector público, neste novo real decreto tratouse de asegurar a aplicación dos principios de boa regulación. Pode afirmarse, neste sentido, que estamos ante unha norma necesaria e que permite responder con eficacia á actuación administrativa de que trata, que as súas previsións se guían polo principio de proporcionalidade e eficiencia, sen impor máis cargas aos afectados das que son necesarias.

En todo momento se garantiu a participación dos cidadáns na elaboración da norma, o propósito de reforzar a seguridade xurídica, a transparencia e, finalmente, levar a cabo a avaliación periódica do ordenamento xurídico no ámbito de que se trata. Neste sentido, destaca que a audiencia non só se levou a cabo coas organizacións representativas afectadas, senón tamén coa Comunidade Autónoma de Canarias.

É vocación do presente real decreto desenvolver as previsións legais a que se fixo referencia, asegurando o correcto engarzamento dos distintos niveis normativos afectados, sen esquecer o impacto sobre a unidade de mercado desde a perspectiva da insularidade que define e caracteriza estas axudas, así como a competitividade desde a perspectiva das empresas afectadas.

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, en que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre tránsito e transporte aéreo e mariña mercante.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; da ministra de Facenda, e da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Sistema de compensacións

Artigo 1. Obxecto do sistema de compensacións.

Establécese un sistema de compensacións que permita abaratar o custo efectivo do transporte de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea entre as illas Canarias, desde estas ao resto de España e aos Estados membros da Unión Europea e, nos casos en que expresamente se determine, desde o resto de España cara ás illas Canarias.

Artigo 2. Produtos cuxo transporte é compensable.

1. Será compensable o transporte dos produtos agrícolas incluídos no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, sempre que sexan orixinarios ou transformados nas illas Canarias.

2. Tamén será compensable o transporte desde o resto de España ás illas Canarias de produtos de alimentación para o gando.

Artigo 3. Compensación ao transporte de produtos orixinarios das illas Canarias ou transformados nestas.

1. O transporte marítimo e aéreo interinsular ou con destino ao resto de España de produtos orixinarios das illas Canarias ou que sufrisen nestas transformacións que aumenten o seu valor nos termos previstos no artigo 5 gozará dunha compensación de até o 100 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4.

2. O transporte destes produtos con destino ao resto dos Estados membros da Unión Europea desfrutará tamén dunha compensación de até o 100 por 100 dos custos regulados no artigo 6. A dita compensación está limitada, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico entre illas Canarias e Cádiz, no caso do tráfico marítimo, e entre illas Canarias e Madrid, no aéreo.

Artigo 4. Compensación ao transporte de produtos de alimentación para o gando.

O transporte marítimo desde o resto de España ás illas Canarias de produtos de alimentación para o gando orixinarios da Unión Europea, que se relacionan no anexo deste real decreto, gozará dunha compensación de até o 100 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4, sempre que non haxa produción interna ou na medida en que a capacidade desta sexa insuficiente para o abastecemento do mercado rexional.

A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar informe ás consellerías competentes do Goberno de Canarias sobre a capacidade de autoabastecemento de produtos de alimentación para o gando do mercado rexional.

Artigo 5. Regras relativas á orixe e transformación das mercadorías cuxo transporte se compensa.

1. Para efectos do establecido neste real decreto, enténdese que unha mercadoría é orixinaria da Unión Europea ou, se for o caso, das illas Canarias cando fose totalmente producida ou fabricada ou transformada nos respectivos territorios.

2. Entenderase que unha mercadoría foi transformada na Unión Europea ou, se for o caso, nas illas Canarias cando fose obxecto nos respectivos territorios de operacións produtivas ou de manipulación cuxo resultado implique unha modificación substantiva das súas características esenciais, de forma que supoñan un cambio de partida arancelaria ou, se ese cambio de partida non tiver lugar, que incorpore un valor engadido superior ao 20 por 100 do prezo franco fábrica do produto. A partida arancelaria é a correspondente ao arancel alfandegueiro común do anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2657/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, ou normativa europea que o substitúa.

3. Non se considerará que unha mercadoría foi obxecto de transformación cando as operacións realizadas sobre esta, aínda cando poidan implicar un cambio de partida arancelaria ou un aumento de valor engadido superior ao 20 por 100 do prezo franco fábrica do produto, se limiten a algunha das seguintes operacións, que se interpretarán de conformidade co Regulamento delegado (UE) 2015/2446 da Comisión, do 28 de xullo de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo

e do Consello con normas de desenvolvemento relativas a determinadas disposicións do Código alfandegueiro da Unión Europea, ou normativa europea que o substitúa:

- a) As operacións destinadas a garantir a conservación dos produtos en bo estado durante o seu transporte e almacenamento (ventilación, tendedura, secado, separación de partes deterioradas e operacións similares) ou facilitar as operacións de traslado ou transporte.
- b) As operacións simples de desempoadado, cribaxe, selección, clasificación, preparación de variedades, lavado e corte.
- c) Os cambios de embalaxe e a división e agrupamento de vultos, o simple envasado en botellas, latas, frascos, bolsas, estoxos e caixas, a colocación sobre cartolinas, taboleiros ou similares, e calquera outra operación sinxela de embalaxe.
- d) A presentación de mercadorías en xogos ou conxuntos ou a posta en venda.
- e) A colocación de marcas, etiquetas e outros signos distintivos similares nos mesmos produtos ou nas súas embalaxes.
- f) A simple montaxe de partes de produtos para facer un produto completo.
- g) A desmontaxe ou o cambio de uso.
- h) A combinación de dúas ou máis operacións especificadas nas letras anteriores.

4. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar informe ao órgano da Administración pública que teña competencia sobre a materia acerca das operacións que non se consideran transformación.

Artigo 6. *Custos compensables, cálculo e límites.*

1. Os custos do transporte das mercadorías a que se refiren os artigos 3 e 4 son os seguintes:

- a) Gastos de transporte que inclúen o frete e os gastos conexos a este: a xestión administrativa ou emisión de billetes e as recargas por fretes especiais, en función do tipo de mercadoría e das unidades de transporte empregadas, en especial, os custos de alugamento das unidades de transporte frigorífico de produtos perecedoiros. Ademais, considéranse gastos de transporte, só no caso dos transportes marítimos interinsulares, os custos do retorno ou volta á mesma illa de orixe dos elementos de transporte en baleiro cando toda a mercadoría da ida pertenza ao mesmo solicitante da compensación.
- b) Custos de manipulación da mercadoría nos portos ou aeroportos de orixe e destino. Nos portos considéranse custos de manipulación as actividades de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo de mercadorías que se realicen integramente dentro da zona de servizo do porto e que garden conexión directa e inmediata cun buque determinado. Nos aeroportos considéranse custos de manipulación as actividades de carga, descarga e transporte da mercadoría entre a terminal do aeroporto e o avión.
- c) Taxas ou outras exaccións portuarias ou aeroportuarias aplicadas directamente ás mercadorías transportadas e, se for o caso, ao peso morto ou tara dos elementos de transporte, tanto en portos ou aeroportos de orixe como nos de destino.
- d) Custos dos controis de seguridade e protección. Nos portos, son os custos de seguridade e protección dos buques e das instalacións portuarias, e nos aeroportos, os custos por control de seguridade e por aplicación do Programa nacional de seguridade para a aviación civil.
- e) Recarga por incremento do custo do combustible, cando se aplique.

2. Para efectos de delimitar a cantidade máxima compensable, elaboraranse anualmente custos tipo para o tráfico interinsular e para o traxecto illas Canarias-Cádiz, no caso do tráfico marítimo, e Madrid-illas Canarias, para o aéreo, referidos á suma das medias dos conceptos a que se refire o número anterior.

3. A determinación dos custos tipo para cada traxecto realizarao anualmente o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de forma transparente e mediante un procedemento de audiencia pública, en que se solicitará a información necesaria dos

operadores independentes que actúan nas ditas rutas. Os custos tipo estableceranse para as distintas unidades de transporte utilizadas habitualmente (quilos, metros lineais, contedores, toneladas).

A metodoloxía de aprobación dos custos tipo aprobarase mediante unha orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, logo de informe do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

4. A porcentaxe de compensación anual aplícase sobre o menor dos dous valores seguintes: ben sobre o total dos custos do transporte acreditado polo solicitante ben sobre o valor resultante de aplicar o correspondente custo tipo anual ás unidades de transporte acreditadas polo solicitante.

No caso dos transportes regulados no artigo 3 con destino ao resto de Estados membros da Unión Europea, a porcentaxe de compensación anual aplícase sobre o total dos custos do transporte acreditado polo solicitante, e a dita compensación estará limitada, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico entre illas Canarias-Cádiz, no caso do tráfico marítimo, e illas Canarias-Madrid, no aéreo.

5. A compensación ao transporte de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea non poderá acumularse con outras axudas ou subvencións ao transporte, calquera que sexa a súa procedencia, principalmente co réxime específico de abastecemento.

6. A compensación ao transporte de mercadorías pode ser coxestionada pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias e o Goberno de Canarias. Ambas as compensacións cobren os mesmos custos subvencionables de transporte, polo que o importe total das compensacións concedidas non poderá superar o menor dos dous valores seguintes: ben o total dos custos do transporte acreditado polo solicitante, ben o valor resultante de aplicar o correspondente custo tipo anual á unidade de transporte acreditada polo solicitante.

Artigo 7. *Limitacións porcentuais.*

1. No caso de que as consignacións orzamentarias asignadas ás compensacións non permitan alcanzar as porcentaxes máximas de compensación citadas nos artigos 3 e 4, a contía das compensacións que se concederán reducirase proporcionalmente para axustalas á dispoñibilidade orzamentaria.

2. A limitación establecida no número anterior entenderase sen efecto sempre que os créditos orzamentarios afectados sexan declarados ampliables na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

CAPÍTULO II

Condicións subxectivas das compensacións

Artigo 8. *Requisitos xerais e obrigacións dos beneficiarios das compensacións e documentación acreditativa ao respecto.*

1. Serán beneficiarias das compensacións as seguintes persoas, físicas ou xurídicas:

a) No caso de mercadorías orixinarias ou transformadas nas illas Canarias transportadas ao resto de España ou exportadas a Estados membros da Unión Europea, o remitente ou expedidor das mercadorías.

b) No caso dos envíos interinsulares de mercadorías, será indistintamente beneficiario da compensación o receptor ou o remitente, comprador ou vendedor, daquelas, que aboase os custos do transporte compensables.

c) No caso de produtos de alimentación para o gando transportados desde o resto de España ás illas Canarias, serán beneficiarios os receptores ou destinatarios destes.

2. Para obter a condición de beneficiarios das compensacións, os solicitantes deberán desenvolver a súa actividade económica nas illas Canarias e ter soportado os

custos do transporte marítimo ou aéreo, ben porque o pagasen directamente ou indirectamente (FOB, CIF ou similares), ou ben porque o fixesen a través dun transportista intermediario. Ademais, en ningún caso os solicitantes poderán repercutir a terceiros os custos do transporte marítimo ou aéreo.

En caso de que o solicitante venda as mercadorías en réxime de contratación FOB («franco a bordo») ou similar en que o comprador asuma o pagamento do transporte, para obter a condición de beneficiario deberá demostrar, nos termos do artigo 10.2.d), que pagou indirectamente no prezo de venda das mercadorías os custos compensables do transporte marítimo ou aéreo.

En caso de que o solicitante compre as mercadorías en réxime de contratación CIF («custo, seguro e frete») ou similar en que o vendedor asuma o pagamento do transporte, para obter a condición de beneficiario deberá demostrar, nos termos do artigo 10.2.e), que pagou indirectamente no prezo de compra das mercadorías os custos compensables do transporte marítimo ou aéreo.

3. Non poderán concederse compensacións ás empresas en crise nos termos do punto 35.15 das directrices da UE aplicables ás axudas estatais nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais de 2014 a 2020, ou normativa que as substitúa. Tampouco poderán outorgarse compensacións a favor de empresas que fosen obxecto dunha orde de recuperación emitida a raíz dunha decisión da Comisión Europea pola que se declara unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, mentres o reembolso non se efectuase ou o importe que hai que reembolsar se depositase nunha conta bancaria bloqueada, xunto cos xuros debidos en ambos os casos.

4. As obrigacións dos beneficiarios das compensacións son as seguintes:

a) A presentación dunha declaración responsable orixinal, asinada electronicamente, en que certifiquen que non incorren nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Ademais, na mesma declaración responsable, os solicitantes certificarán, nos termos do artigo 8.2, que reúnen as condicións para obter a condición de beneficiario. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará o modelo da declaración responsable.

b) A presentación dunha declaración responsable orixinal, asinada electronicamente, en que certifiquen a obtención ou non das axudas a que se refire o artigo 6.5 e 6. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará o modelo da declaración responsable e poderá realizar, en colaboración cos organismos ou entidades concedentes das axudas ou subvencións, as comprobacións que considere oportunas.

c) Levar os rexistros contables a que veñan obrigados, de modo que permitan identificar de forma diferenciada as partidas ou gastos concretos en que se materializaron as compensacións concedidas.

d) A acreditación, con anterioridade ao cobramento, de que se encontran ao día das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, en caso de que os solicitantes se opuxesen a que a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias realizase as actuacións de comprobación oportunas ao respecto.

e) A presentación de toda a información e documentación que lles sexa requirida pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Tribunal de Contas, en relación coa compensación solicitada ou concedida.

Artigo 9. *Identificación e sinatura dos interesados no procedemento e representación.*

1. Os interesados identificaranse electronicamente, nos termos do artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través dos sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación» española, sempre que estes inclúan como dato un número NIF ou NIE. No

caso de persoas xurídicas, estas poderán identificarse con certificado de persoa física representante de persoa xurídica, sempre que a dita persoa física teña poderes xerais, sexa administrador único ou solidario da organización ou, ao menos, teña poderes específicos para actuar ante as administracións públicas.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación», cos mesmos requisitos que os previstos na letra anterior.

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións consideren válido, nos termos e condicións que se establezan, que cumpran cos requisitos previstos no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, na redacción dada polo Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.

2. Os interesados asinarán electronicamente, nos termos do artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a través de sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». As persoas xurídicas poderán utilizar sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestador incluído na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación» ou a sinatura electrónica do seu representante, sempre que a dita persoa física teña poderes xerais, sexa administrador único ou solidario da organización ou, ao menos, teña poderes específicos para actuar ante as administracións públicas.

3. Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, nos termos dos artigos 5 e 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 10. *Documentación xustificativa dos transportes realizados e do pagamento.*

1. A acreditación dos transportes realizados e do pagamento dos custos correspondentes efectuarase mediante a presentación, por medios electrónicos, de documentos electrónicos ou de documentos noutro soporte non electrónico que sexan dixitalizados polo solicitante para a súa presentación electrónica. A Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo da documentación achegada electronicamente polo interesado, para o que poderá exixir a exhibición do documento orixinal.

A sinatura electrónica das solicitudes comporta a declaración de ser certos os datos consignados e a documentación que se achega, nos termos do artigo 28.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. A documentación que se debe achegar é a seguinte:

a) En todos os casos se achegará factura da empresa transportista marítima ou aérea onde conste o localizador, a data, a orixe e o destino do traxecto (identificaranse os traxectos de ida e volta), a identificación da unidade de transporte (matrícula e metros lineais, número de contedor e da súa capacidade de carga ou TEU «Twenty-foot Equivalent Unit»), a mercadoría e a súa cantidade, e os custos compensables do transporte marítimo ou aéreo, distinguíndose do transporte terrestre.

En caso de que na factura non figuren todos os conceptos anteriores, poderá complementarse cun certificado (orixinal, asinado e selado) da empresa transportista marítima ou aérea. Este certificado non substitúe a factura.

En caso de que, na factura ou certificado mencionados, non se diferencie o transporte marítimo ou aéreo do transporte terrestre, exixírase declaración responsable do solicitante, en que conste que os custos do transporte non inclúen transporte terrestre. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará modelos do certificado e da declaración responsable, que terán a validez temporal que indiquen.

b) No caso de que o transporte da mercadoría se realice a través dun ou de varios transportistas intermediarios, a documentación que hai que achegar será a correspondente ao que facture e repercuta os custos do transporte ao solicitante. En caso de que o transportista intermediario estea vinculado co solicitante, nos termos do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, ou lei que a substitúa, achegarse, ademais da documentación da letra anterior, a seguinte:

1.º) Declaración responsable do transportista intermediario en que certifique que repercutiu ao solicitante os custos de transporte e que o propio transportista non presentou simultaneamente solicitudes para a compensación dos mencionados custos repercutidos. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará o modelo da declaración responsable, que terá a validez temporal que indique.

2.º) Factura do transportista intermediario cos mesmos requisitos e regulación previstos na letra anterior para a factura da empresa transportista marítima ou aérea.

c) No caso de que o transportista intermediario que facture e repercuta os custos do transporte non estea vinculado co solicitante, nos termos do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, ou lei que a substitúa, non se achegará a documentación a que se refire a letra a) deste número, senón a documentación da letra b) deste. Cando existan dúbidas sobre a documentación presentada, a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá exixir a documentación a que se refire a letra a) deste número.

Nestes casos, exixírase declaración responsable do solicitante, en que certifique que non está vinculado co transportista intermediario. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará o modelo da declaración responsable, que terá a validez temporal que indique.

d) No caso de que as mercadorías se vendan en réxime de contratación FOB («franco a bordo») ou similar, o solicitante presentará a factura da empresa transportista marítima ou aérea, nos termos da letra a) deste número, e a factura de venda da mercadoría, onde se desconte especificamente do prezo de venda da mercadoría o importe dos custos compensables do transporte marítimo ou aéreo. As facturas de venda poden complementarse con certificados dos compradores das mercadorías.

Nestes casos, cando o transporte da mercadoría se realice a través de transportista intermediario, observarase o disposto nas letras b) e c) deste punto.

e) No caso de que as mercadorías fosen compradas polo solicitante en réxime CIF («custo, seguro e frete») ou similar, o solicitante presentará a factura da empresa transportista marítima ou aérea e a factura de compra da mercadoría, onde se inclúa especificamente no prezo de compra da mercadoría o importe dos custos compensables do transporte marítimo ou aéreo. As facturas de compra poden complementarse con certificados dos vendedores das mercadorías.

Nestes casos, cando o transporte da mercadoría se realice a través de transportista intermediario, observarase o disposto nas letras b) e c) deste punto.

f) En todos os casos se exixirá que se xustifique o pagamento das facturas recollidas nos puntos anteriores e aceptaranse todos os medios de pagamento admisibles en dereito que acrediten fidedignamente o pagamento material dos transportes.

En calquera caso, aceptaranse como xustificante do pagamento as certificacións bancarias orixinais, seladas e asinadas por un responsable da entidade de crédito, que conteñan a data, o importe, o ordenante e o beneficiario.

g) Para os tráxicos interinsulares, con destino ao resto de España ou á Unión Europea, achegarse, adicionalmente, declaración responsable en que o solicitante certifique que a mercadoría (coa súa partida arancelaria correspondente) é orixinaria ou transformada nas illas Canarias, nos termos do artigo 5, e que a porcentaxe de mercadoría de orixe canaria, que consta nas solicitudes, é certa. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará os modelos da declaración responsable, que terán a validez temporal que indique. En caso de dúbida sobre a orixe da mercadoría, poderase exixir a acreditación ao respecto do provedor da mercadoría e a presentación da factura de compravenda da mercadoría.

h) Para os tráxicos desde o resto de España ás illas Canarias de produtos de alimentación para o gando, achegarase adicionalmente declaración responsable en que o solicitante da mercadoría certifique que esta é orixinaria dun Estado membro da Unión Europea e que a finalidade desta é a alimentación para o gando (consumo directo ou transformación industrial). A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias facilitará o modelo da declaración responsable que terá a validez temporal que indique. En caso de dúbida sobre a orixe da mercadoría, poderase exixir a acreditación ao respecto do provedor da mercadoría e a presentación da factura de compravenda da mercadoría.

i) Nos tráxicos que non sexan interinsulares achegarase, adicionalmente, o documento unificado alfandegueiro (DUA), que poderá substituírse por calquera outra declaración alfandegueira ou fiscal cando así estea recollido pola normativa alfandegueira ou fiscal aplicable ao caso concreto.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 11. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Os interesados poderán acceder á sede electrónica da Administración a través do punto de acceso xeral electrónico da Administración, na URL: <https://sede.administracionespublicas.gob.es/pagina/index/directorio/atlantis>.

2. As solicitudes deberán presentarse dentro dos quince primeiros días hábiles dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro de cada ano, xuntando a documentación sinalada no artigo 10, referida aos transportes realizados no trimestre inmediatamente anterior para os que se solicita a compensación.

Cada unha das solicitudes presentadas abranguerá todos os envíos realizados nun trimestre para un determinado traxecto, con independencia de que se transporten distintas mercadorías, e determinarase, se for o caso, a porcentaxe compensable destas.

3. Os solicitantes acreditarán ante a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, o cumprimento das condicións subxectivas reguladas no capítulo II deste real decreto relativas á súa personalidade e á súa capacidade para seren perceptores de subvencións públicas. A dita acreditación levarase a cabo durante os quince primeiros días hábiles do mes de xaneiro do ano en que se resolve a compensación, que se corresponderá co ano inmediatamente seguinte ao da realización dos transportes e presentación de solicitudes.

Artigo 12. *Instrución.*

1. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias levará a cabo a comprobación das solicitudes e da documentación xustificativa, e poderá solicitar dos interesados canta documentación sexa necesaria para a adecuada determinación da existencia do dereito á compensación.

2. Ao procedemento seranlle de aplicación as regras xerais contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 13. *Resolución e notificación.*

1. Unha vez revisadas as solicitudes e determinada a contía da compensación que hai que aboar segundo o regulado nos artigos 3, 4 e 7, a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias resolverá sobre as solicitudes presentadas e as correspondentes propostas de gasto, e poderá aprobar e recoñecer as obrigacións, así como solicitar os pagamentos das compensacións correspondentes a transportes realizados durante o ano inmediatamente anterior.

2. As compensacións concederanse mediante resolución do delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, que porá fin á vía administrativa e que se notificará aos interesados.

3. O prazo máximo para a resolución das solicitudes será de seis meses e contarase desde a data en que as solicitudes do último trimestre e a documentación acreditativa da personalidade dos solicitantes e a súa capacidade para seren perceptores de subvencións públicas, a que se refire o artigo 11.3, tivesen entrada no rexistro electrónico da Administración Xeral do Estado.

Disposición adicional única. *Avaliación «ex post» do real decreto.*

Este real decreto será obxecto de avaliación «ex post» con base no artigo 3 do Real decreto 286/2017 polo que se regulan o Plan anual normativo e o Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado e se crea a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa. Farase especial fincapé na análise do efecto das subvencións sobre os custos de transporte.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación aos transportes realizados desde o ano 2016.*

En virtude da disposición adicional centésimo vixésimo novena da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e da disposición adicional centésimo cuadraxésimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, a porcentaxe do 100 por 100 regulada nos artigos 3 e 4 do presente real decreto será de aplicación aos transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2016, unicamente respecto aos custos compensables recollidos no Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias.

A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá ditar as instrucións necesarias relativas á concesión das compensacións adicionais ás xa concedidas para os transportes realizados desde o 1 de xaneiro de 2016.

Disposición transitoria segunda. *Solicitudes de compensación presentadas e en tramitación a partir da entrada en vigor do presente real decreto.*

1. A porcentaxe do 100 por 100 regulada nos artigos 3 e 4 do presente real decreto será de aplicación ás solicitudes de compensación presentadas a partir da entrada en vigor do presente real decreto respecto a todos os custos compensables recollidos nel.

2. A aquelas solicitudes de compensación a transportes realizados desde o ano 2019 que se estivesen tramitando no momento da entrada en vigor deste real decreto seralles de aplicación o disposto nos números 2 a 6 do artigo 6 e os artigos 8 e 10.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Queda derogado o Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas illas Canarias, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

1. Facúltanse os ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto, con especial atención á utilización de medios electrónicos que axilicen e abaraten os trámites para as empresas e para a Administración pública.

2. Así mesmo, facúltanse os ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e de Facenda, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, para ditaren as disposicións que permitan modificar a lista de produtos comprendidos no anexo deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do plátano.*

1. A convocatoria para o outorgamento das compensacións ao plátano realizarase, con carácter xeral, no primeiro semestre de cada ano, mediante resolución do secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. As convocatorias regularanse mediante a disposición adicional centésimo cuadraxésimo sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e, no non regulado por esta, mediante o presente real decreto.

2. O transporte marítimo e aéreo con destino ao resto de España do plátano orixinario das illas Canarias gozará dunha compensación do custo do frete do transporte aéreo ou marítimo de até o 100 por 100, coa limitación recollida no número 4 do artigo 6. O transporte deste produto con destino ao resto dos Estados membros da Unión Europea e demais Estados asinantes do Acordo sobre Espazo Económico Europeo desfrutará tamén dunha compensación de até o 100 por 100. A dita compensación estará limitada, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico entre as illas Canarias e Cádiz, no caso do tráfico marítimo, e entre as illas Canarias e Madrid, no aéreo. O transporte interinsular do plátano está excluído destas compensacións.

3. De conformidade co previsto na disposición adicional centésimo cuadraxésimo sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, a lei de orzamentos xerais de cada ano deberá incluír nun concepto orzamentario independente do resto de compensacións ao transporte de mercadorías o importe que se destinará a estas compensacións ao transporte do plátano. No caso de que o crédito consignado na mencionada aplicación orzamentaria non permita alcanzar as porcentaxes máximas de compensación, a contía das compensacións que se concederán reducirase proporcionalmente para axustala á dispoñibilidade orzamentaria.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre tránsito e transporte aéreo e mariña mercante.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O disposto no presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ANEXO

Partida	Descrición dos produtos
0402 10	Leite e nata (crema), concentrados ou con adición de azucre ou doutro edulcorante: en po, gránulos ou demais formas sólidas, cun contido de materias graxas inferior ou igual ao 1,5 % en peso.
0404	Lactosoro, mesmo concentrado ou con adición de azucre ou doutro edulcorante; produtos constituídos polos compoñentes naturais do leite, mesmo con adición de azucre ou doutro edulcorante, non expresados ou incluídos noutra parte.
0710 40	Millo doce.
0711 90	Hortalizas conservadas provisionalmente, pero aínda impropias para consumo inmediato. As demais hortalizas; mesturas de hortalizas.
0713	Hortalizas de vaíña secas debulladas, aínda que estean peladas ou partidas.
1002	Centeo.
1003	Orxo.
1004	Avea (excepto os destinados á sementeira).
1005	Millo (excepto os destinados á sementeira).
1007	Sorgo (excepto os destinados á sementeira).
1008	Trigo mourisco, millo miúdo e alpiste; os demais cereais (excepto os destinados á sementeira).
1206	Semente de xirasol, mesmo quebrantada (excepto para sementeira).
1209 29 50	Semente de chícharo bravo (excepto para sementeira).
1212 92	Alfarrobas.
1213	Palla e cascabullo de cereais, en bruto, mesmo picados, moídos, prensados ou en «pellets».
1214	Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparcela, coles forraxeiras, chícharos bravos, vezas e produtos forraxeiros similares, mesmo en «pellets».
Capítulo 23	Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais (excepto 2309 10: alimentos para animais de compañía).